# EDUCACIÓN PRIMARIA: MÍNIMOS ESIXIBLES

É preciso salientar a relevancia que ten o feito de **determinar** o mínimo requirido para acadar o suficiente. De aí, esta relación de estándares mínimos para ter claro que debe **comprender**, **saber** e **saber facer** o alumnado para acadar un cinco en cada un destes estándares que consideramos mínimos e así aprobar unha determinada área.

## MÍNIMOS ESIXIBLES 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

### *CIENCIAS SOCIAIS*

- Identifica algunha da terminoloxía propia da área.
- Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
- Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano( de ser o caso con algunha axuda) e diferencia as estacións segundo as súas características básicas.

### *CIENCIAS NATURAIS*

- Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
- Recoñece partes do propio corpo.

- Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

## *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

- Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
- Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
- Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
- Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA*

- Elabora de forma sinxela portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas ( recortar, pegar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores…).
- Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
- Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.

## *MATEMÁTICAS*

- Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
- Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados ( de restar ousumar en situación contextualizadas)

## *VALORES CÍVICOS E SOCIAIS*

- Identifica e comunica as súas emocións.
- Participa na práctica de técnicas de relaxación.
- Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.
- Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.

## *LINGUA GALEGA E LITERATURA*

- Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.
- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.
- Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.

- Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN MUSICAL*

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- Coñece e identifica elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
- Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e asintervencións das demais persoas.

## *PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS*

- Comprende vocabulario moi elemental sobre temas cotiás con axuda de soporte visual. Segue instrucións referidas ás rutinas escolares.
- Amosa unha actitude de escoita atenta.
- Reproduce textos orais moi sinxelos e breves (ex. cancións, rimas...). Diferenza e emprega oralmente saúdos,despedidas e fórmulas de cortesía.

## *EDUCACIÓN FÍSICA*

- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal.
- Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con certa autonomía.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

# MÍNIMOS ESIXIBLES 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

## *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

- LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.
- LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.
- LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.
- LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.
- LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.

- LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

## *LINGUA GALEGA E LITERATURA*

- LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.
- LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos.
- LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
- LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
- LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
- LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas.
- LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas...

## *MATEMÁTICAS*

- MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.

- MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras (...).
- MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
- MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
- MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.
- MTB2.4.1. Resolve problemas sinxelos e contextualizados que impliquen o dominio dos contidos traballados en cada un dos bloques daárea (números, medida, xeometría, estadística e probabilidade).
- Este mínimo englobará os estándares recollidos no currículo 3.4.2; 3.6.1; 4.5.1.; 5.1.2.

## *CIENCIAS NATURAIS*

- CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
- CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
- CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
- CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto
- CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
- CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribuciónsocial, evitando estereotipos sexistas.

## *CIENCIAS SOCIAIS*

- CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.
- CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
- CSB2.5.3. Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
- CSB3.4.1. Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive,nos xogos e nas tarefas escolares.
- CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
- CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA*

- EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
- EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas entendendo estas como unha forma de expresión do seu mundo e das súas sensacións,emocións ou ideas.
- EPB2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.
- EPB2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.

- EPB2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.

## *VALORES CÍVICOS E SOCIAIS*

- VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.
- VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.
- VSCB2.1.1. Expresar con claridade sentimentos e emocións.
- VSCB2.5.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
- VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas da aula.
- VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.

## *EDUCACIÓN FÍSICA*

- EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
- EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.
- EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.
- EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

- EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e as frecuencias, con coordinación e boa orientaciónespacial.
- EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, intentando manter a coordinación.
- EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con certa autonomía.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN MUSICAL*

- EMB1.5.1. Coñece e identifica elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte,piano, son, silencio,agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca,negra e parella de corcheas.
- EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
- EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo,cos instrumentos e obxectos sonoros
- EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.
- EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

***PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS***

- Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual traballados previamente de forma oral.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna.
- Amosa unha actitude de escoita atenta.
- Reproduce textos orais sinxelos e breves.
- Expresa e identifica estados de ánimo elementais.

## MÍNIMOS ESIXIBLES 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

***LINGUA CASTELÁ E LITERATURA***

- LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
- LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
- LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
- LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesiónbásicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...
- LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
- LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.

## *LINGUA GALEGA E LITERATURA*

- LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.
- LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
- LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos de situacións cotiás.
- LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
- LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiusculas.
- LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.

## *MATEMÁTICAS*

- MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
- MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
- MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.
- MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
- MTB3.1.2. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

- MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.

***CIENCIAS NATURAIS***

- CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
- CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
- CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
- CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno .
- CNB 4.1.1. Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
- CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
- CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu
- funcionamento.

## *CIENCIAS SOCIAIS*

- CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunhas das súas características básicas empregando as TIC.
- CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
- CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as
- precipitacións.
- CSB3.5.1. Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
- CSB4.2.2. Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que
- supoñen a transición entre esas épocas.
- CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as
- responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA*

- EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.
- EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intencións estética, manexando diferentes técnicas.
- EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas, etc.) para a composición de obras.
- EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.

- EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
- EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.

## *VALORES CÍVICOS E SOCIAIS*

- VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
- VSCB1.3.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situación formais e informais da interacción social
- VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.
- VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.
- VSCB3.1.3. Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

## *EDUCACIÓN FÍSICA*

- EFB1.3.3. Coida o material e o utiliza adecuadamente coas indicacións dadas en clase.
- EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións durante un tempo breve.
- EFB3.1.1. Realiza desprazamentos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos

parámetros espazo-temporais.

- EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento e recepción) en diferentes tipos de actividades, utilizando os segmentos dominantes.
- EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices básicas de xiro intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.
- EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN MUSICAL*

- EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas ou coreografías sinxelas.

## *PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS*

- Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas que traten sobre temas familiares. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas.
- Reproduce cancións e rimas traballadas previamente tentando achegarse á pronuncia e entoación adecuadas.
- Amosa unha actitude de escoita atenta.
- Comprende textos escritos moi sinxelos previamente traballados de forma oral.
- Escribe frases sinxelas referidas a situacións cotiás a partir de modelos, traballadas previamente de forma oral.
- Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.

# MÍNIMOS ESIXIBLES 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

## *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

- LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
- LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
- LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía lexible: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- LCB3.3.2. Reproduce textos ditados sen moitos erros.

- LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.
- LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade.
- LCB3.5.2. Elabora con certa creatividade textos breves do seu interese ilustrándoos para facilitar a súa compresión ou mellorar asúa presentación.
- LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación (maioritariamente) ao producir textos escritos.
- LCB2.2.2. Resume de forma sinxela textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade.
- LCB4.3.3. Utiliza (maioritariamente) as normas ortográficas básicas traballadas nas súas producións escritas.

## *LINGUA GALEGA E LITERATURA*

- LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
- LGB2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
- LGB1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
- LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición nopapel, limpeza, calidade caligráfica…
- LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos da vida cotiáe académica, imitando modelos, sobre todo correos electrónicos.
- LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (resumos e descricións sinxelas).

- LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súaidade.
- LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral e en textos simples, os signos de puntuación: punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos,exclamación e interrogación.
- LGB3.2.5. Resume( sinxelamente) o contido de textos simples propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e comorecurso de gozo persoal.

## *MATEMÁTICAS*

- MTB1.5.1 Amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, aceptación da crítica.
- MTB.2.4.1 Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división de unha cifra.
- MTB2.5.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
- MTB2.4.3. Emprega estratexias de cálculo mental
- MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.
- MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais.
- MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
- MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da UniónEuropea.
- MTB2.1.2: Le, escribe e ordena números naturais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras ( ata o millón).

- MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.

## *CIENCIAS NATURAIS*

- CNB1.1.2 Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
- CNB4.1.1 Explica algunhas características e propiedades do aire.
- CNB5.1.1 Identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá.
- CNB3.2.1 Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- CNB2.1.1 Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia.
- CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade).
- CNB3.2.1 Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- CNB3.1.1 Identifica as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.

***CIENCIAS SOCIAIS***

- CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo (tendo en conta as limitación a causa da pandemia) e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.
- CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
- CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asumeresponsabilidades.
- CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- CSB1.2.2. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando as achegas e ideas dos demais nunfuncionamento democrático.
- CSB.1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada os contidos relacionados coa área.
- CSB4.4.2. Explica, de xeito sinxelo, algúns aspectos sinxelos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura dasdistintas épocas históricas estudadas.
- CSB4.4.1 Sitúa nunha liña do tempo (simple e dada previamente), algúns feitos fundamentais da prehistoria e historia de Españaestudadas.
- CSB4.4.4. Data a Idade Antiga e describe algunhas características sobre todo da romanización.
- CSB2.9.2. Identifica algunhas medidaspara o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
- CSB2.8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
- CSB2.5.3 Interpreta sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
- CSB3.2.1 Identifica as principais institucións de Galicia.
- CSB3.6.2 Coñece o significado dalgúns sinais de tráfico, a súa importancia como peón ou peoa.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA*

- EPB1.1.1. Analiza, de maneira sinxela imaxes fixas atendendo ao tamaño, cores e planos.
- EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
- EPB2.2.4. Realiza trazados utilizando ferramentas básicas.
- EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e osespazos.
- EPB1.1.3. Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.
- EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.
- EPB2.1.6. Utiliza diferentes tipos de ceras, lapis, rotuladores.. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas, etc.
- EPB2.4.2. Elabora bosquexos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos conorde e limpeza.
- EPB2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións para representar obxectos.
- EPB2.3.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos domundo.

## *VALORES CÍVICOS E SOCIAIS*

- VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade.
- VSCB1.3.3. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.

- VSCB1.6.1.Participa na resolución de problemas.
- VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.
- VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.
- VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais.
- VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.
- VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
- VSCB3.8.1. Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.

## *EDUCACIÓN FÍSICA*

- EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- EFB1.3.4. Manipula o material con seguridade, coas indicacións dadas en clase.
- EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- EFB2.2.2. Esfórzase por manter o equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.
- EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.
- EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en actividades físico deportivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en actividades físico deportivas, intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e

axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

- EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento e recepción) en diferentes actividades físico deportivas, intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
- EFB3.1.4. Esfórzase en realizar as habilidades de xiro sen perder o equilibrio e a continuidade e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
- EFB4.1.3. Pon en práctica bailes e danzas representativas da cultura galega e/ou doutras culturas.
- EFB5.1.5. Realiza os quecementos con certa autonomía.
- EFB6.1.2. Utiliza as HMB en distintos xogos e actividades físicas.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN MUSICAL*

- EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
- EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- EMB 2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- EMB3.2.2. Reproduce e goza interpretando danzas ou coreografías sinxelas.

## *PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS*

- Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá.
- Amosa unha actitude de escoita atenta, sen interromper e respecta as intervencións orais alleas.
- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.
- Comprende textos escritos moi sinxelos previamente traballados de forma oral. Comprende a idea principal dun texto escritosinxelo, acompañado de apoio visual, acorde á súa idade e adaptado á súa competencia lingüística.
- Escribe frases sinxelas relacionadas coa súa vida cotiá, traballadas previamente de forma oral, seguindo un modelo dado erespectando a estrutura gramatical coñecida.
- Presenta os seus traballos de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. Expresa, identifica e distingue ovocabulario traballado na clase.
- Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización, o permiso, o acordo, a preferencia, o desexo ou a capacidade.

## *EXPRESIÓN NA RADIO*

- ERB1.2. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos, adecuados ao nivel, imitando modelos.
- ERB1.1. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
- ERB1.3. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión.

- ERB5.3. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.
- ERB2.3. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas...

## MÍNIMOS ESIXIBLES 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

### *Lingua castelá e literatura*

- LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo,entoación e volume axeitados.
- LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade,fluidez e entoación adecuada.
- LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía doámbito escolar e social.
- LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
- LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número naexpresión oral e escrita.
- LCB5.5. 2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas,cancións.
- LCB5.4.1. Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obrasteatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
- LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súasproducións escritas.

## *Lingua galega e literatura*

- LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidadescomunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
- LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
- LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.
- LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
- LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos,poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral.
- LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía,.
- LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).

## *Matemáticas*

- MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de formaaditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.

- MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
- MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais),utilizando razoamentos apropiados einterpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas en situacións cotiás.
- MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situaciónsmoi próximas.
- MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.

## *CIENCIAS DA NATUREZA*

- CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables eargumenta sobre as accións necesarias parao desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.
- CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade eexplica os beneficios ou riscos para ásociedade.
- CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo,locomotor, circulatorio e excretor e explica asprincipais funcións.
- CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada epresenta conclusións en diversos soportes.
- CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variadosidentificando ás prácticas saudables.

- CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas epequenas investigacións .
- CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.

## *CIENCIAS SOCIAIS*

- CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes.
- CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
- CSB 2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas característicasprincipais.
- CSB3.9.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.
- CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
- CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e ocoidado do material.

## *Valores sociais e cívicos*

- VSCB2.2.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.
- VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.

### *Educación artística: Educación plástica*

- EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
- EPB2.5.3. Participa e amosa interese polasactividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.
- EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra,escuadro,cartabón, semicírculo etc.)
- EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.

### *Educación artística: Educación musical*

- EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
- EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.
- EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- EMB3.2.2. Reproduce e goza interpretando danzas ou coreografías sinxelas.

### *Primeira Lingua Estranxeira: Inglés*

- Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá sobre temasdo seu interese acorde á súa idade e competencia lingüística con apoio visual en soporte papel ou dixital.

- Amosa unha actitude de escoita atenta e manifesta interese e respecto polas intervencións orais alleas.
- Comeza a utilizar correctamente e de forma progresiva aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles.
- Comprende a información básica dun texto escrito sinxelo acorde á súa idade e competencia lingüística.
- Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuacións e presentación dos textos escritos.
- Elabora pequenos textos significativos a partir de modelos, sobre temas cotiás previamente traballados na aula respectando a estrutura gramatical e ortografía básicas. Usa o dicionario e outros materiais de consulta.
- Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza. Identifica tempos verbais.
- Comprende e expresa indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións propias da aula.

## *Educación física*

- EFB1.3.3.Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- EFB1.3.4. Coida e respecta o material empregado nas clases, atendendo ás normas de uso.
- EFB2.1.1. Respecta aos seus compañeiros/as, independentemente do seu nivel de competencia motriz.
- EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.

- EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
- EFB3.1.3. Adapta as HMB de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc) a diferentes tipos de actividades interiorizando e intentando aplicar correctamente os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
- EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro en distintas actividades, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
- EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción con compañeiros/as utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.
- EFB5.1.3. Recoñece os principais aspectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e algúns prexudiciais.
- EFB6.2.2. Recoñece os xogos tradicionais de Galicia, diferenciando os máis característicos e autóctonos.
- EFB6.3.1. É quen de identificar algunha capacidade física básica.

## MÍNIMOS ESIXIBLES 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

### *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

- LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativomostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.
- LCB1.9.2. Recorda algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésaas oralmente en resposta a preguntas directas.

- LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
- LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, publicitarios,regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, ....
- LCB3.2.2. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.
- LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
- LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizandorecursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

## ***LINGUA GALEGA E LITERATURA***

- LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema elabora unresumo.
- LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
- LGB1.4.2. Segue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.
- LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
- LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.

- LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información,mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais.
- LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística propias da súa idade.
- LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.

***MATEMÁTICAS***

- MTB2.1.2.Le, escribe, descompón, compara, ordena os números de ata nove cifras. Realiza operacións combinadas aplicando a xerarquía correcta .Coñece a importancia da posición das cifras e da coma.
- MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizandorazoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
- MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
- MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais ( suma , resta, multiplicación).
- MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
- MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.

- MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máisaxeitada para a expresión dunha medida.
- MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

***CIENCIAS NATURAIS***

- CNB2.2.1. Coñece os distintos aparellos do corpo humano, a súa composición, localización e función.
- CNB2.3.3. Recoñece que o consumo de drogas e alcohol é malo para a saúde.
- CNB3.3.1. Coñece as características e os elementos que compoñen un ecosistema, así coma os seres vivos que o habitan e as súas relacións.
- CNB3.3.4. Coñece e emprega aparellos científicos para determinadas tarefas.
- CNB4.2.1. Coñece diferentes formas de enerxía (mecánica, térmica, química,...)CNB4.2.2 Diferencia entre enerxías renovables e non renovables.
- CNB4.4.5. Cumpre e respecta as normas de seguridade establecidas para as tarefas a realizar.
- CNB5.1.3. Recoñece como as máquinas facilitan a vida diaria do home.
- CNB5.4.1. Coñece algúns dos descubrimentos máis importantes da humanidade e os seus avances.

## *CIENCIAS SOCIAIS*

- CSB1.1.1.Busca e obtén información de forma individual e en grupo e comunica por oral e por escrito.
- CSB1.3.1.Usa o vocabulario axeitado nos seus traballos de clase e nas actividades propostas.
- CSB2.2.1.Diferencia entre clima e tempo atmosférico e recoñece os factores e os elementos que inflúen no clima.
- CSB2.3.1Diferencia os distintos tipos de paisaxes e elementos que as forman.
- CSB3.1.1.Sabe o que é a Unión Europea, o seu proceso de creación e os seus obxectivos económicos e políticos.
- CSB3.2.1.Comprende o que é a poboación e recoñece os elementos que inflúen nela.
- CSB3 2.2 Elabora pirámides de poboación.
- CSB3.5.1.Coñece os tres sectores produtivos en España e de Europa e as actividades que comprende cada un deles.
- CSB4.3.1.Coñece e sitúa nunha liña do tempo as etapas da historia de España.

## *EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA*

- EPB2.1.3.Fai debuxos sobre a vida cotiá.
- EPB2.2.1. É coidadoso cos materiais e espazos de traballo
- EPB3.1.2.Debuxa os distintos tipos de liñas empregando o escuadro e o cartabón.

## *VALORES CÍVICOS E SOCIAIS*

- VSCB1.1.2.É quen de mostrar actitudes de respecto de cara si mesmo e cara aos demais.
- VSCB2.1.3.É capaz de traballar en grupo mostrando empatía e respectando as propostas dos demais.
- VSCB2.6.2 É quen de falar de maneira asertiva nunha resolución de conflitos na clase motivada por diferentes opinións sobre prexuízos sociais.
- VSCB3.2.3.É quen de traballar en equipo seguindo as regras e respectando aos compañeiros/as.
- VSCB3.9.1.É quen de respectar as opinións dos demais.

## *EDUCACIÓN FÍSICA*

- EFB1.3.3.Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.

- EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.
- EFB3.1.3. Adapta as HMB de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc) a diferentes actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, esforzándose en aplicar correctamente os xestos utilizando segmentos dominantes e non dominantes.
- EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e esforzándose en manter o equilibrio postural.
- EFB4.1.3. Móstrase receptivo/a cara a aprendizaxe de danzas representativas de Galicia e/ou doutras culturas.
- EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción con compañeiros/as utilizando os recursos expresivos do corpo e partindode estímulos musicais, plásticos ou verbais.
- EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais máis importantes.
- EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.
- EFB6.3.1. Identifica algunha CFB implicada de forma máis significativa nalgún exercicio.

***Educación artística: EDUCACIÓN MUSICAL***

- EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
- EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

- EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
- EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel dexeito pracenteiro,amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.

***PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS***

- Inicia e remata as interaccións de forma correcta.
- Comprende as ideas principais e ben estruturadas sobre temas familiares e do seu interese, co apoio de imaxes e ilustracións, nas que se fala coa velocidade axeitada e de forma clara.
- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares (a familia, a escola, o tempo libre, a descrición de lugares, de imaxes...).
- Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Comprende información esencial e localiza información específica en textos breves e sinxelos que traten sobre temas familiares (a familia, a escola, o tempo libre, os deportes, grupos musicais, actividades de ocio, descrición de lugares, a indicación da hora...) en materiais procedentes de distintos soportes.
- Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais a través de lecturas adaptadas, cómics...
- Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos.

- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas que traten sobre temas familiares.
- Desenvólvese en transaccións cotiás.
- Presenta o seu traballo de forma coidada, ordenada e con caligrafía clara e limpeza.
- Participa en conversas nas que se establece contacto social e se intercambia información persoal sobre asuntos cotiás.

***EXPRESIÓN NA RADIO***

- ERB1.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
- ERB2.1. Fai lecturas dramatizadas de textos.
- ERB 4.3. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.